



**Juan Diego Pereiro**

Fundador e xerente  
WeKAb



// Sector  
Tecnolóxico



// Localización  
A Coruña



// Ano de constitución  
2014



// N° empregados  
5

## // Descrición da empresa

WeKAb é a primeira plataforma especializada en especialistas do ámbito da formación para o emprego ou lifelong learning. En WeKAb "conectan coñecemento", pois poñen en contacto formadoras/es e empresas formadoras, de forma áxil e co factor reputación como eixe central.

WeKAb é a plataforma en liña na que a persoa formadora pode darse a coñecer, xerar reputación, formarse e ser accesible ás empresas formadoras.

*"Destacaría a axilidade no proceso de solicitude e concesión do programa Re-acciona TIC e a proximidade coas empresas"*

Juan Diego Pereiro. Fundador e xerente de WeKAb

## // Descrición do proxecto

Esta plataforma en liña solicitou o programa Re-acciona TIC con tres obxectivos fundamentais: axilizar a comunicación coas persoas formadoras; facilitar a actualización dos seus perfís profesionais en WeKAb; e mellorar a fidelización e o nivel de actividade destas.

Tras unha análise do seu modelo, realizada en colaboración co axente e usando, entre outras, a metodoloxía do Business Model Canvas, identificaron unha serie de necesidades nas áreas de proposta de valor e relación da clientela principalmente. Coa finalidade de dar solución a estas necesidades, realizáronse varias propostas de solucións en mobilidade, entre as que se encontraba a que finalmente se desenvolveu: una app móbil.

Unha vez elixida a solución para desenvolver, tiveron un gran reto fronte a eles: deseñar unha aplicación móbil sinxela, cun alto grao de usabilidade e facilmente integrable na súa plataforma web xa existente.



Especializada para formadores

**1ª Plataforma  
para FORMADORES**



## // O resultado

Como beneficio directo destaca a mellora substancial da comunicación coas persoas formadoras, o que implica o incremento do número destas en cada oferta, así como un elevado nivel de actualización dos perfís inscritos.

De forma indirecta, a solución desenvolvida mellorou o mantemento das persoas usuarias existentes, á vez que supuxo un valor adicional para a plataforma web, o que favoreceu a captación de novos usuarios.

*“O servizo de aplicación de solución en mobilidade supuxo un incremento na fidelización dos usuarios e no valor achegado polos nosos servizos, derivado principalmente da mellora da comunicación con estes”*

Juan Diego Pereiro  
Fundador e xerente de WeKAb

// Web  
<http://wekab.com>

// Vídeo  
Ver vídeo

## Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.